

## RESUMO DO COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Pontevedra 28/09/2022

Na reunión mantida hoxe polo Comité de Empresa da Consellería do Medio Rural na provincia de Pontevedra **UGT** aportou os seguintes puntos a tratar na orde do día:

### 1. Instrucións para a compensación das prolongacións de xornada:

Consideramos que todas as prolongacións de xornada teñen que ser devoltas, tal como establece o V Convenio Colectivo. Conforme a isto, propoñemos no Comité que se remita escrito a Dirección Xeral solicitando que esta envíe instrución para a compensación das prolongacións de xornada realizadas. **Acórdase enviar escrito a dirección xeral.**

### 2. Análise do traballo de extinción dos lumes:

**UGT solicita** que se faga unha análise posterior á extinción dos incendios máis significativos, analizando os acertos e os erros cometidos en extinción, buscando mellorar operativamente, incluíndo persoal das diferentes categorías que participaron na extinción. **Acórdase enviar escrito á Dirección Xeral.**

### 3. Aumento do tempo de traballo do persoal do SPIF:

**UGT** leva pedindo reiteradamente que se cumpra o **acordo do aumento do tempo de traballo** do persoal fixo discontinuo de 9 meses a todo o ano, asemade pedimos unha folla de ruta para o aumento do tempo de traballo do persoal de 6 meses, ata alcanzar o pleno emprego.

**Acordase enviar escrito á Dirección Xeral .**

### 4. Formación do persoal do SPIF:

**UGT solicita** que a formación ofertada ao SPIF esté aberta a todas as categorías e sexa homologada ou ben pola EGAP ou pola AGASP.

**Acórdase enviar escrito á Dirección Xeral.**

### 5. Brigadas helitransportadas externalizadas:

**UGT solicita** que o persoal das brigadas helitransportadas sexa contratado como persoal propio da administración, evitando a disgregación do colectivo e unhas diferentes condicións laborais para o persoal que realiza as mesmas tarefas nos traballos de extinción.

**Acórdase enviar escrito á Dirección Xeral.**